

Boletín Nº . 22 de decembro de 1997

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DOS SERVICIOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Artigo 1º. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co 41. b), ámbolos dous da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Regulamentadora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización dos servicios da escola infantil municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. OBRIGADOS O PAGO

Están obrigados ó pago da taxa regulado nesta Ordenanza os que se beneficien dos servicios prestados por este Concello que se refiran ó uso da escola infantil municipal.

Artigo 3º. CONTIA

As tarifas a aplicar para a utilización da escola infantil municipal serán as seguintes:

APORTACIÓNS MENSUAIS POR HORAS DE USO, HORAS COMPLEMENTARIAS E MATRÍCULA ANUAL

Horas/día R.P.C.M	6-8 h/día	3-5 h/día	2 h/día	horas complem	matric/a no(incseg uro)
- 120,20 _	exento	exento	exento	3,01 _	só seg
120,21 _ 180,30	18,03	12,02	7,21	3,01 _	30,05
180,31 240,40 _	45,08	30,05	18,03	3,01 _	30,05
240,41 270,46	67,61	45,08	27,05	3,01 _	30,05
270,46 330,56	67,61	45,08	27,05	3,01 _	30,05
+ 330,56	90,15	60,10	36,06	3,01 _	30,05

Servicios complementarios:

a) Transporte: ata un 30% da aportación mensual, que tamen se someterá ós correspondentes descontos.

b) Comidas: almorzo 12,02 _ por mes ou 1,20 _ por día

Xantar: 45,08 _ mes ou 3,31_ día

Merenda: 12,02_ por mes ou 1,20 _ por día

Artigo 4º. BONIFICACIONES.

Aplicanse ó total que resulta dos precios, (excepto ás cuotas de comedor, e as das horas complementarias). Os porcentaxes de desconto son os seguintes:

a) 20% a nenos que pertencen a unha Familia Numerosa

b) 20% a nenos dunha unidade familiar monoparental

c) 20% a nenos que teñan irmáns no mesmo centro

Estes descontos serán acumulables en caso de concorrer estas circunstancias na mesma persoa.

Si son dous irmáns os que se matriculan, fáiselle o cálculo ó primeiro, e ó segundo descóntaselle o 30% da cantidade que pague o primeiro e así sucesivamente. (esta bonificación non se aplica as comidas nin o resto das tarifas).

Artigo 5º.- NORMAS DE XESTION

A exacción considerarase devengada simultaneamente coa utilización das instalacións da escola obxecto desta Ordenanza, e as cotas recadaranse a mes iniciado dentro dos primeiros 15 días.

Artigo 6º.- INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

As defraudacións e falta de pago reiteradas poderan levar consigo a saída da escola dos usuarios a quen corresponda. A cobranza dos recibos pendentes farase polo sistema xeral de recadación municipal.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia e se teña por transcorrido o prazo a que fai referencia o artigo 70.2 en relación co 65.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Regulamentadora das Bases do Réxime Local e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2002, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."Os prezos contidos nesta ordenanza entenderanse automaticamente modificados e adaptados a aqueles que a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude aprobe con carácter anual para rexer nos centros autonómicos de atención á primeira infancia".